



**Colexio Oficial
de Biólogos
de Galicia**

NOTA DE PRENSA

O Colexio de Biólogos de Galicia celebrou o Día do Biólogo o 16 de maio

No acto foron homenaxeados os colexiados con 25 anos de antigüidade. Ademais procedeuse aos nomeamentos de Biólogo, Empresa e Institución do Ano e Membro de Honra

Santiago, 18 de maio de 2018. O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) celebrou de novo o mércores pasado o **Día do Biólogo** no Pazo de Adrán (Calo-Teo).

Á cita, que serviu para encontrarse de novo e compartir experiencias, poideron asistir 9 dos colexiados que levan 25 anos no Colexio, que foron obxecto de recoñecemento pola súa ininterrumpida pertencencia a el, por medio da insignia biolóxica da dobre hélice do ADN e diploma conmemorativo. En nome dos homenaxeados pronunciou unhas palabras, **D. José Antonio Fernández Bouzas**, director do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, biólogo.

Este ano os colexiados distinguiron como **Bióloga do Ano** a **Dª Alicia Estévez Toranzo**, Catedrática de Microbioloxía da USC, cunha longa traxectoria investigadora no ámbito da ictiopatóloxía, desenvolvendo novas estratexias de diagnóstico bacteriano e vírico e novas metodoloxías de prevención e control, de gran repercusión sanitaria e económica en Galicia. Ela mesma recolleu placa e diploma de mans do Decano do COBGA, **D. José Pelayo Míguez Baños**.

Así mesmo, foi elixida como **Empresa do Ano, Hijos de Rivera**, en atención á súa aposta pola recuperación do lúpulo e os novos métodos de produción de cervexa, pola innovación e os procesos de fabricación respetuosos co medio ambiente, incluíndo produtos ecolóxicos (sidra). Recolleu a distinción **D. Antonio Viejo Puga**, director de Asuntos Corporativos.

En canto á **Institución do Ano**, os colexiados elixiron á **Fundación Paideia Galiza**, polo seu compromiso coa diversidade funcional das persoas, a mellora territorial de Galicia e a promoción de accións medioambientais e de

desenvolvemento sostible. Recibíu o agasallo **Dª Margarita Fraga**, responsable de Cultigar, Laboratorio de Biotecnoloxía Vexetal, participado pola Fundación.

Finalmente, entregouse o título de **Membro de Honra** a **D. Emiliano Aguirre Enríquez** (Ferrol, 1925) , polo seu relevante labor de investigación en Paleontoloxía e Evolución Humana, especialmente nos xacementos da Serra de Atapuerca (onde iniciou e dirixiu as excavacións) e das Gándaras de Budiño e pola visión interdisciplinar e proxección ao futuro que inspiran os seus traballos. A D. Emiliano non lle foi posible estar presente no acto pero enviou unha cariñosa carta de agradecemento.

Asistiron tamén os decanos das facultades de Bioloxía de Santiago e Vigo, **D. Antonio Segura** e **D. Jesús Míguez**, respectivamente e o Presidente da Unión Profesional de Galicia, **D. Antonio Macho**. Os presentes desfrutaron logo dun refrixerio nos xardíns do Pazo nun cordial ambiente.

Colexio Oficial de Biólogos de Galicia

981 53 14 40

info@biologosdegalicia.org